

## CONCURSO DE GRELOS da XXXVII Feira do Grelo

**Domingo 26 de febreiro de 2017**

Inscrición: de 08:00/10:00 o día da feira no Mercado municipal, na Rúa Alexandre Bóveda.

### BASES:

1º Os grelos presentarase en cestas que deberán conter como mínimo 10 madras. Esta condición é obrigatoria para poder concursar.

2º Só se admitirá un concursante por unidade familiar.

3º Os concursantes deberán ter un mínimo de 16 anos.

4º A partir das 10h, momento no que o xurado comezará a facer o recanto das cestas concursantes, non se admitirán máis cestas a concurso. Aínda que para admisión de inscricións terase en conta a cantidade de grelos presentada por participante (máximos atendendo ao recinto de exposición das cestas e mínimo 10 madras) e a adaptación á infraestrutura e xestión da feira polo que no caso de que o número de participantes sexa superior os prazos dispoñibles a selección farase por orde de inscrición.

As cestas que que non sexan admitidas poderán poñerse á venda pero non participarán no concurso.

5º O concurso rematará ás 11h, comezando a esa hora a venda ao público dos grelos non agraciados con premio.

6º O xurado estará composto por persoas coñecedoras do produto, e un representante do Concello (con voz, sen voto).

7º As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar desertos os premios en calquera das categorías.

8º Os donos das cestas admitidas a concurso recibirán un vale por importe de 20 €.

9º Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

### Premios á calidade do grelo:

1º premio: 300 €, 2º premio: 250 €, 3º premio: 200 €, tres accésits de 60€ cada un

### Premio especial á cesta mellor adornada:

1º premio: 300 €, 2º premio: 200 €, 3º premio: 100 €.

### “Premio Especial Alexandre Pérez Sindín”

10º Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio.

Os premiados deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontos.com>) entre o 1 de marzo e o 4 de abril). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.

## CABALGATA DE ENTROIDO

**Martes, 28 de febreiro de 2017**

Saída: Rúa Monte Caxado ás 17:00 horas

Percorrido: Avda. de Ortigueira, Avda. de Castela, Praza do Hospital, Avda. de Galicia, Rosalía de Castro, e Patio do Colexio Sta. María.

Inscricións: as solicitudes de inscrición presentarase no Rexistro Xeral do Concello das Pontes ou a través da sede electrónica (<https://sede.aspontos.com>) en impreso normalizado para este fin. Este impreso estará tamén dispoñible no departamento de cultura (Casa Dopeso, rúa Rosalía de Castro, 1º andar). O prazo rematará o luns 27 de febreiro de 2017 ás 12:00h. As solicitudes presentadas fora deste prazo serán desestimadas.

### CATEGORÍAS E PREMIOS:

ADULTOS	CARROZAS	GRUPOS >10*	GRUPOS (3-9)	PARELLAS	INDIVIDUAL
1º	800 €	650 €	400 €	200 €	120 €
2º	650 €	475 €	300 €	150 €	90 €
3º	400 €	325 €	200 €	100€	60 €
		5 accésits 150€			

INFANTIL	GRUPOS	PARELLAS	INDIVIDUAL	MEIÑOS (ata 8 anos)
7 premios	150 €	75 €	50 €	Un conto

Aos premiados nas categorías infantís entregaráselles un vale canxeable por libros, material ou xogos educativos e didácticos.

A categoría meniños non entra no concurso, e todos os participantes desta categoría recibirán un conto ao remate da Cabalgata.

As bases e a normativa para a participación na cabalgata pódense consultar no servizo de cultura no [www.aspontos.org](http://www.aspontos.org) e [www.facebook.com/culturaaspontos](http://www.facebook.com/culturaaspontos)

[www.facebook.com/culturaaspontos](http://www.facebook.com/culturaaspontos)

cabalgata amenizada pola



Concello das Pontes  
Concellería de Cultura



+Info: [www.aspontos.org](http://www.aspontos.org)  
[www.facebook.com/culturaaspontos](http://www.facebook.com/culturaaspontos)



XXXVII  
*Feira do Grelo*  
DOMINGO 26 DE FEBREIRO DE 2017 AS PONTES



CONCURSO DE GRELOS  
MOSTRA DE CAMELIAS (AICAM)  
DEGUSTACIÓN POPULAR  
MOSTRA “SON DE CAMPO” (FADEMUR)  
FEIRA DE PRODUCTOS AUTÓCTONOS E ARTESANÍA  
MARTES 28: CABALGATA DE ENTROIDO



Concello das Pontes  
Concellería de Cultura

+Info: [www.aspontos.org](http://www.aspontos.org)

# FEIRA do GRELO

PROGRAMA - 26 de Febreiro

08:00/10:00 Concurso para cestas de grelos. Numeración das cestas dos participantes. Mercado Municipal.

10:00/11:00 Exposición e cualificación das cestas.

11:00/13:00 Retirada das cestas seleccionadas polo xurado e posta á venda da mercancía exposta.

12.30 Entrega de premios do concurso de cestas. Patio do Colexio Sta. María

12.30 DEGUSTACIÓNS



**MENÚ:** no patio do colexio Sta. María (carpa climatizada)

10€

- Sopa de cocido
- Cocido con grelos, costela, lacón, chourizo, garabanzos e patacas.
- Sobremesa: requieixo da Faeira con mel de Goente

\*O servizo de menú será ata as 15h, e sempre que haxa existencias. (Haberá servizo de menú para levar)

**FREIXÓS.** A freixoeira estará instalada na Avda da Coruña 1€ (3uds.)

## ACTIVIDADES

Exposición e **TORNEADO E TALLA EN MADEIRA** en vivo Asociación Amigos da madeira. Rúa Ramón Cabanillas.

**ECOESCOLA.** Para os máis pequenos Campaña municipal Rqu3r, con zona de xogos de refugallo. Rúa Ramón Cabanillas.

**CASA DO MEL** (visitas guiadas). De 16/21 h . Goente

**MUSEO ETNOGRÁFICO CPI MONTE CAXADO**

(visitas guiadas) de 11.30/13 h , Avda. Monte Caxado.

# EXPOSICIÓNS

Sábado 25 de 11 a 20h / Domingo 26 de 11 a 18h

**FEIRA SON DE CAMPO** Praza de América.

-Feira itinerante promovida pola Federación de mulleres rurais FADEMUR con produtos autóctonos nos que se inclúen alimentación, agasallos, cosmética, xoiería etc.

A venda e exposición irá tamén acompañada de demostracións ao vivo e degustacións dirixidas a toda a familia.

(<https://www.facebook.com/sondecampo/>)



**IMOSTRA DA CAMELIA** Praza de América



Exposición de distintas variedades de camelias que achegarán ata As Pontes membros da asociación de toda Galicia. Org. AICAM.

A exposición contará o sábado 25 cun obradoiro de esmaltado a cargo dunha artesá de xoiería. Sala de exposicións do mercado vello de 16.30h a 19.30h. Inscricións gratuítas no Dpto. de cultura ata o 21 de febreiro.

26 de Febreiro, de 10 a 14h

**Mostra da Federación de RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA**

can de palleiro, porco celta, galiña de Mos, ovella galega. Carpa instalada na rúa Alexandre Bóveda. BOAGA.



# MÚSICA

**SÁBADO 25**

**Música de rúa.** Durante toda a xornada cargo de **Trevillas e Canavella.**

18.30 **CAXADE.**

Banda de 4 músicos que retoman cos seus acordes os antigos sons das orquestinas da vella Europa. Carpa praza de América



**DOMINGO 26**

12.30 **RADIO COS.**

Pandereteiros de

sona que xunto a unha banda de prestixiosos músicos fixeron evolucionar a nosa música de

xeito natural e con este repertorio percorren escenarios de toda Europa.

Carpa da Praza de América.



18.30 **PELEPAU.**

Abrirá o Concerto a COMPARSA pontesa GRELEIXAS. Formación de percusionistas cunha posta en escea dinámica e participativa co público na que a mohan as adaptacións de

cantigas populares de diferentes orixes Auditorio municipal Cine Aloví. Entrada gratuíta



**Música na rúa** durante toda a xornada a cargo de **No Combaro, Os Ferores da Galgueira e Alfaia.**